

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 25 DE XUÑO DE 2021

Ás 10.00 horas do día 25 de xuño de 2021, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourenzana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver videoacta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE MAIO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondentes á ordinaria do 28 de maio de 2021.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do 28 de maio de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DO CONSORCIO PROVINCIAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020.

O Secretario Xeral da conta do ditame da comisión informativa sobre as contas do exercicio 2020 da Deputación Provincial de Ourense

Seguidamente prodúcese o debate, coas seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): toma a palabra para indicar que se trata dun documento técnico e económico que reflicte datos bos e que a Deputación está economicamente saneada, polo que pola parte técnica non ten nada que dicir. Pola contra, engade que si que hai cousas que dicir sobre a xestión política dos fondos da Deputación, xa que o remanente de tesourería para gastos xerais ascende a corenta e catro millóns de euros, e

isto é para valorar se esta situación debe darse nunha provincia cun descenso imparabile da súa poboación. Engade que na súa opinión eses cartos que están dispoñibles deberían mobilizarse para tentar paliar a situación desta provincia, e desde a colaboración cos concellos, poñer en marcha proxectos que eviten esta situación e a poidan reverter.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): comeza sinalando cal debe ser o contido deste documento técnico denominado conta xeral e cal debe ser o contido mínimo e a información que debe facilitar sobre a execución do orzamento. Engade que ademais de ser un documento técnico, reflicte a xestión política do orzamento, indicando que aquí é onde o grupo de goberno provincial non acada o aprobado. Xustifica esta afirmación no feito de que se fixeron modificacións orzamentarias en máis dun cincuenta por cento da dotación inicial do orzamento, e se deixaron sen utilizar preto de vinte e un millóns de euros, engadindo que máis que unha planificación económica semella unha improvisación. Ademais do indicado sinala que existe un baile de datos na documentación da conta xeral sobre o número de empregados públicos dos que dispón a Deputación, e que non existe información sobre a desagregación dos expedientes de contratación tramitados durante o exercicio e dos que o 83 % foron contratos menores. Para rematar fai mención á instrución asinada nesta semana pola secretaría xeral sobre as propostas de contratación menores e na que deixa moi claro que os principios xerais da contratación pública que deben presidir a contratación provincial son os de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade, transparencia e igualdade de trato entre os licitadores, así como unha eficiente xestión dos recursos públicos.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza sinalando que a presente conta xeral do exercicio de 2020 foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de contas e publicouse no BOP para os efectos do trámite de información pública, sen que se tivese presentado alegación ningunha. Insiste en que estamos ante un documento técnico elaborado pola intervención provincial e con todos os informes favorables. Matiza que a xestión política se manifesta mes a mes neste pleno, que a Deputación non é a culpable do descenso demográfico, e que as modificacións orzamentarias son un instrumento perfectamente legal para adaptar as previsións do orzamento ás políticas do grupo de goberno.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1) e dos deputados non adscritos (2), e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as contas xerais correspondentes ao exercicio 2020, de acordo co establecido no artigo 212.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co seguinte detalle:

Primeiro: **Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense** do exercicio 2020, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 28.878.216,71 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 44.031.421,65 €
- Balance de situación: 2.423.632.814,86 €
- Resultado económico patrimonial: - 79.949.170,63 €

Segundo: **Conta Xeral do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico** do exercicio 2020, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 258.122,21 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 578.191,46 €
- Balance de situación: 17.846.593,78 €
- Resultado económico patrimonial: 317.328,71 €

Terceiro.- **Conta Xeral do Consorcio provincial de servizo contra incendios e salvamento** do exercicio 2020, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 286.668,28 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.197.284,73 €
- Balance de situación: 8.589.530,02 €
- Resultado económico patrimonial: 173.448,40 €

Cuarto.- **Conta Xeral do Consorcio de augas de Valdeorras** do exercicio 2020, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: -25.736,35 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: -437.747,03 €
- Balance de situación: 666.066,02€
- Resultado económico patrimonial: 68.286,21€

2º.- Proceder á rendición da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2020 ao Consello de Contas de Galicia, cumprindo co preceptuado no artigo 212.5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTOS DE CRÉDITO N.º 1/2021 DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.

A interventora da conta do ditame da comisión informativa sobre o presente asunto.

Seguidamente prodúcese o debate, coas seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que nesta modificación contra o remanente de tesourería, chama a atención que a maior parte se trate dos xuros que se producen polo tempo de demora nunha sentenza ditada a instancia dunha antiga empresa concesionaria dun dos parques comarcais que integran o consorcio, polo que solicita que se valore no sucesivo cando meterse en asuntos xudiciais. Polos demais aspectos da modificación indica que non ten nada que dicir.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo do DO): a este respecto sinala que é moi difícil valorar este tipo de cuestións apuntadas polo voceiro do BNG, xa que a maioría das veces os asuntos se xudicializan porque non están claras e que unhas veces se gaña e outras se perde, pero que isto non se pode saber a priori.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): sinala que se suma ao apuntado polo voceiro do BNG e que en todo caso votarán a favor da modificación proposta, xa que as débedas hai que pagalas.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): indica que no momento que se formulou a reclamación das facturas pola empresa que tiña a xestión do consorcio da comarca de Verín,

unha vez que se constituíu o Consorcio provincial, os servizos técnicos e xurídicos do Consorcio entendían que as facturas non eran conformes e por esa razón se acabou xudicializando o seu aboamento. Remata indicando que como non pode ser doutro xeito se acata a sentenza e se procede a súa execución.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento n.º 1/2021, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CREDITO. GASTOS CORRENTES

136/22604	Servizo de prevención e extinción de incendios. Xurídicos, contenciosos	105.000,00 €
-----------	--	---------------------

SUPLEMENTOS DE CREDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS

136/62400	Servizo de prevención e extinción de incendios. Elementos de transporte	15.000,00 €
136/62900	Servizo de prevención e extinción de incendios. Outros investimentos asociados ao funcionamento do servizo	15.000,00 €
		30.000,00 €

CREDITOS EXTRAORDINARIO. GASTO DE INVESTIMENTO

136/62600	Servizo de prevención e extinción de incendios. Equipos para procesos de información.	10.000,00 €
-----------	--	--------------------

RESUMO

Suma suplementos de crédito	135.000,00 €
-----------------------------------	---------------------

Suma créditos extraordinarios	10.000,00 €
TOTAL MC 1/2021	145.000,00 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 87000 para financiar gastos xerais	145.000,00 €
---	---------------------

2º.- A continuación detállase o destino dos suplementos de crédito desta modificación orzamentaria.

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/22604** **Servizo de prevención e extinción de incendios. Xurídicos contenciosos.**

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/22604	Execución forzosa sentenza firme segundo auto de data 03-02-2021. Principal, xuros e gastos do procurador	105.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/62400** **Servizo de prevención e extinción de incendios. Elementos de transporte.**

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/62400	Adaptación das novas furgonetas dos xefes dos 4 parques para trasladar o equipo de intervención	15.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136/62900** **Servizo de prevención e extinción de incendios. Outros investimentos novos asociados ao funcionamento operativo dos servizos.**

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/62900	Equipos varios para intervencións nos 4 parques (cadeas para equipo autónomo de excarceración. Trade e 6 badeadores con protección de seguridade para o parque do Carballiño- A Limia)	15.000,00 €

O destino do crédito extraordinario desta modificación orzamentaria é o seguinte:

Con cargo á aplicación orzamentaria 136/62600 **Servizo de prevención e extinción de incendios. Equipos para procesos de información.**

Aplicación Orzamentaria	Descrición	Importe
136/62600	5 equipos informáticos completos para os 4 parques	10.000,00 €

3°.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

4°.- EXPEDIENTE N.º 6/2021 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2021.

A interventora da conta do ditame da comisión informativa sobre o presente asunto.

Seguidamente prodúcese o debate, coas seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): toma a palabra para indicar que estas modificacións, a instancia do Concello de Montederramo e do CR da DO de Monterrei lle parecen correctas, se ben engade que todos estes fondos da Deputación deberan repartirse a través dun plan único e por un procedemento de concorrencia competitiva.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): manifesta o voto favorable do seu grupo.
- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): realiza un breve repaso ás modificacións cualitativas incluídas neste expediente, coas que se amosa conforme, se ben reitera que se existise un plan único con fondos distribuídos equitativamente para cada concello e para cada asociación mediante concorrencia competitiva, se evitarían este tipo de situacións e non sería necesario traer este tipo de modificacións ao pleno da Deputación, senón que cada concello ou entidade podería decidir libremente o destino dos fondos dese plan.
- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): volve insistir no carácter cualitativo da modificación sometida ao pleno e agradece ao SR da DO de Monterrei a claridade da documentación remitida xa que facilita moito o traballo dos técnicos provinciais na xustificación da subvención.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), do BNG (1) e dos deputados non adscritos (2) e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense n.º 6/2021, co seguinte detalle:

Aprobar a modificación, no que se refire ás seguintes variacións que non afectan quantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2021:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” no expediente de modificación de créditos número 3/2021 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, aparece unha subvención

nominativa ao **Concello de Montederramo** para a “Humanización de rúas en Montederramo” por importe de 48.000 euros.

Baseándose na solicitude presentada polo Concello de Montederramo de data 05 de maio de 2021 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, informando que o día 28 de abril de 2021 o concello recibe unha providencia de incoación de expediente de concesión de subvención nominativa para “Humanización de rúas en Montederramo”. Debido a esta obra foi incluída para financiamento doutras administracións e para evitar duplicidades, solicita o cambio de destino da axuda para outra obra moi necesaria pasando a denominarse **“Pavimentación da estrada de Abeledos a Gorgullón”**

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Montederramo	Pavimentación da estrada a Abeledos a Gorgullón	48.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 431.41/479.01 “Promoción comercial. Outras subvencións a consellos reguladores” no expediente de modificación de créditos número 3/2021 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021, aparece unha subvención nominativa ao **Consello Regulador da denominación de orixe Monterrei** para a “Gastos de funcionamento e promoción”, por importe de 60.000 euros.

Baseándose na solicitude presentada pola presidenta do Consello Regulador de data 08 de maio de 2021 informando que o día 28 de abril de 2021 o Consello Regulador recibe unha providencia da Presidencia da Deputación de incoación de expediente de concesión dunha subvención para gastos de funcionamento e promoción por un importe total de 60.000,00 euros.

Neste acto solicitan o **cambio de finalidade** da subvención e delimitan cuantitativamente a cantidade destinada a gastos de investimentos e a destinada a gasto corrente, polo que é necesario destinar a parte de gasto corrente a gasto de investimento no capítulo 7 do orzamento sen que isto afecte cuantitativamente ao orzamento.

431.41/479.01 “Promoción comercial. Outras subvencións a consellos reguladores”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Consello Regulador da denominación orixe Monterrei	Gastos de Promoción	25.000,00 €

431.41/790.01 “Promoción comercial. Outras subvencións Cons. Monterrei”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Consello Regulador da denominación orixe Monterrei	Obras e equipamentos	35.000,00 €

2º.- De acordo cos artigos 169, 170 e 171 da Lei reguladora das facendas locais, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “SENDA PEONIL NA MOREIRA, MELLORA DE ACCESIBILIDADE DAS VÍAS MUNICIPAIS”.

O secretario xeral da conta do ditame da comisión informativa sobre este asunto, dando lectura a este.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): toma a palabra para indicar que os veciños e veciñas do concello lle deben unha, xa que non hai que esquecer que o grupo provincial do PS de G-PSOE votou en contra da modificación orzamentaria que neste pleno habilitaba a partida orzamentaria para este convenio, engadindo que non lle parece coherente que agora voten a favor deste convenio e que vendan esta actuación como do grupo de goberno do concello de Xinzo. Remata indicando que votará a favor da proposta.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): anuncia o voto favorable do BNG a esta proposta que considera un bo exemplo de colaboración interadministrativa, sen obviar a necesidade dun plan único de colaboración da Deputación cos concellos.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): manifesta o voto favorable e o apoio do seu grupo a esta proposta.
- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): manifesta que sen querer polemizar sobre esta cuestión, os órganos competentes da Deputación e da Secretaría Xeral para o Deporte saben das reunións presenciais e por videoconferencia mantidas, e que o proxecto leva rexistrado na Deputación desde xullo de 2020, que o proxecto se redactou desde o concello, e que se conseguiu o financiamento nas administracións indicadas. Remata agradecendo, en nome da veciñanza de Xinzo de Limia, o voto favorable de todos os grupos políticos á aprobación deste convenio que suporá a execución dunha infraestrutura moi importante dende o punto de vista da seguridade viaria e peonil e facilitará a tránsito da poboación en xeral e da mocidade en particular para acudir a esta infraestrutura deportiva.
- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): sinala que se trata dun convenio de colaboración máis dos que asina esta Deputación, no que a Deputación é a entidade que achega a maior porcentaxe de financiamento. Remata dándolle os parabéns á veciñanza do concello de Xinzo e da súa comarca que pronto poderán desfrutar desta infraestrutura.
- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): diríxese ao deputado do grupo socialista Ignacio Gómez para pedirlle que faga un curso de saber estar nunha institución pública e que parece mentira que cos anos que leva na Deputación o único que faga é dicir estupideces. Insiste en que hai que dicir, e aclararlle á veciñanza, que o grupo provincial socialista votou en contra da modificación de crédito que financiaba este convenio de colaboración, que saíu adiante co voto da deputada Montserrat Lama e do grupo do PP. Remata sinalando que se trata dunha infraestrutura moi beneficiosa para a veciñanza de Xinzo de Limia polo que tamén agradece o voto favorable de todos os deputados e deputadas provinciais.
- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): intervén para aclarar a razón de porqué o grupo socialista votou en contra da modificación orzamentaria que financia o presente convenio de colaboración. Sinala que a referida modificación orzamentaria tiña un importe aproximado de vinte e dous millóns de euros, e que non se criticou nin cuestionou a finalidade de ningunha das actuacións alí previstas. O que se critica e se segue criticando é o sistema e o procedemento de reparto entre os diferentes concellos, instando á elaboración dun

plan único semellante ao das outras tres deputacións galegas, e aclara que o concello de Xinzo de Limia non é precisamente dos máis beneficiados polo reparto que fai o grupo de goberno. Volve agradecer, en nome da veciñanza de Xinzo de Limia, o voto favorable de todos os grupos políticos á aprobación deste convenio.

- intervención por alusións de Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): sinala que a deputada Montserrat Lama ten un problema serio porque el non se dirixiu a ela en ningún momento. Engade que o que si que é unha estupidez, e pedir que se lle poña unha estatua ou unha placa a non sei quen, e que a capacidade política desta deputada é nula.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Xinzo de Limia para a execución das obras de “Senda peonil na Moreira, mellora de accesibilidade das vías municipais”, consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA: OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, Secretaría Xeral para o Deporte, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Xinzo de Limia para a execución das obras de creación dunha senda peonil e un carril bici no viario principal de conexión entre a vila de Xinzo e os campos de fútbol da Moreira e Carreira, segundo o proxecto do arquitecto municipal Rafael Nogueiras Mascareñas.

SEGUNDA: INVESTIMENTO PROGRAMADO E COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS

O importe total das actuacións para realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de trescentos cincuenta mil cincocentos noventa e nove euros con sete céntimos (350.599,07 €) IVE incluído.

A **Secretaría Xeral para o Deporte** financiará as ditas actuacións coa cantidade de sesenta e sete mil trescentos sete euros con sesenta e tres céntimos (67.307,63 €) IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0 (código de proxecto 2013 00039) dos seus orzamentos de gastos para os exercicios 2021 e 2022.

Anualidade	2021
Anualidade	2022

A **Deputación Provincial de Ourense** financiará as ditas actuacións coa cantidade de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €) IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01"Corporación provincial. A concellos. Subvencións" dos seus orzamentos de gastos para os exercicios 2021 e 2022.

Anualidade	2021
Anualidade	2022

Pola súa banda o **Concello de Xinzo de Limia** achegará con cargo aos seus créditos orzamentarios a cantidade de cento trinta e tres mil douscentos noventa e un euros con corenta e catro céntimos (133.291,44 €) euros que se imputarán con cargo ás partidas municipais 153/61900 e 155/60900 (código de proxecto 0012021) do seu orzamento de gastos para os exercicios 2021 e 2022.

Anualidade	2021
Anualidade	2022

TERCEIRA: COMPROMISOS DAS PARTES

3.1.- Obrigas do Concello de Xinzo de Limia

1. As obras serán realizadas polo contratista que sexa seleccionado polo Concello, dándolles conta á Secretaría Xeral para o Deporte e á Deputación da elección, así como de calquera modificación do proxecto, prórrogas de prazos establecidos na adxudicación ou alteracións de calquera outros elementos básicos que configuren estas.

En todos os casos de contratación con terceiros, o Concello actuará con suxeición, tanto na tramitación do procedemento de contratación, como na execución do contrato administrativo, ao establecido na Lei 9/2017 de contratos do sector público, atendendo tamén ao preceptuado no artigo 12 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

Os contratos dos servizos relativos á dirección técnica das obras e á coordinación da seguridade e saúde serán contratados polo Concello de Xinzo ou exerceranse polo persoal técnico do propio concello.

En ningún caso serán autorizados proxectos complementarios ou reformados para a inclusión de obras que deberan estar executadas polo concello beneficiario nunha fase previa á obra que se executa.

2. De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno o Concello ten a obriga de subministrarlles á Secretaria Xeral para o Deporte e á Deputación de Ourense toda a información que se lle requira en materia de transparencia. No caso de que este requirimento non sexa atendido no prazo que se estableza, procederá unha multa de 200,00 € mensuais ata o seu cumprimento.

3.- Son obrigas do beneficiario as sinaladas nos artigos 14 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 11 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sinaladamente as seguintes:

a) O Concello quedará obrigado a asumir ao seu cargo os aumentos que se produzan, no caso de que o custo das obras resulte superior a 350.599,07 euros, IVE incluído.

b) Redactar e remitir o proxecto técnico, que deberán contar coa autorización e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte e da Deputación de Ourense antes da sinatura do presente convenio.

c) As licenzas, autorizacións administrativas, contratación de servizos e subministracións, así como os impostos e taxas de aplicación aos pagos dos conceptos incluídos e previstos na execución do proxecto, serán por conta do Concello.

d) O Concello quedará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

e) Deberá destinar os bens sobre os que se realicen as obras ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención por período non inferior a cinco anos, ao tratarse de bens inscribibles nun rexistro público.

O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior será causa de reintegro das subvencións outorgadas ao Concello pola Deputación Ourense e pola Xunta de Galicia ao abeiro deste convenio, nos termos establecidos para o efecto no artigo 37 da Lei 38/2007, do 7 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido nos termos legalmente previstos.

f) No caso de que o beneficiario incumprise o establecido neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte e a Deputación de Ourense, poderán revogar a subvención concedida logo da audiencia do interesado.

g) Así mesmo, e de acordo co establecido nos artigos 33 da Lei 9/2007 e 74 do Decreto 11/2009, o Concello deberá cumprir todos os compromisos establecidos no presente convenio, e en particular o disposto neste apartado 3.1 en canto á realización, pagamento e xustificación das obras previstas, de acordo co establecido no proxecto técnico, así como as deficiencias nas xustificacións documentais destas darán lugar ao reintegro da parte proporcional do custo do incumprimento.

4.- Será responsabilidade do concello a elaboración da documentación necesaria para dar cumprimento á normativa de seguridade e saúde, especialmente ao establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE núm. 269 do 10.11.1995) e no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE núm. 256 do 25.10.1997). Prestarase especial atención no caso de que a actuación comprenda algún dos traballos que implican riscos especiais para a seguridade e a saúde dos traballadores, recollidos no anexo II do Real decreto 1627/1997.

Así mesmo, é responsabilidade do concello a designación do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, no caso de que sexa necesario de acordo co establecido no artigo 3.2 do Real decreto 1627/1997.

Co obxecto de facilitar a tramitación das distintas fases do convenio o concello autoriza expresamente á Deputación de Ourense e á Secretaría Xeral para o Deporte, de conformidade

co artigo 28 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, á obtención dos certificados da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social de estar ao día das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social así como a obtención do certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ao día das obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve.

5.- O Concello de Xinzo de Limia obrígase ao pagamento da achega indicada na cláusula segunda por importe de cento trinta e tres mil douscentos noventa e un euros con corenta e catro céntimos (133.291,44€) euros IVE incluído con cargo ás partidas municipais 153/61900 e 155/60900 (código de proxecto 0012021) do seu orzamento de gastos para os exercicios 2021 e 2022.

3.2.- Obrigas da Secretaría Xeral para o Deporte

A Secretaría Xeral para o Deporte obrígase ao pagamento da achega indicada na cláusula segunda por importe de sesenta e sete mil trescentos sete euros con sesenta e tres céntimos (67.307,63€) IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0 (código de proxecto 2013 00039) dos seus orzamentos de gastos para os exercicios 2021 e 2022.

3.3.- Obrigas da Deputación de Ourense

A Deputación de Ourense obrígase ao pagamento da achega indicada na cláusula segunda por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00€) IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Corporación provincial. A concellos. subvencións” dos seus orzamentos de gastos para os exercicios 2021 e 2022.

CUARTA: BAIXAS DE ADXUDICACIÓN E INCIDENCIAS NA EXECUCIÓN

As baixas que se poidan obter na adxudicación dos contratos de obra para executar no marco do presente convenio pola administración contratante, serán destinadas ao financiamento dos

posibles excesos que se produzan na execución das obras (proxectos reformados, complementarios, ou no seu caso, excesos de medicións, liquidacións, se as houberse).

QUINTA: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

De acordo co artigo 28.5 da Lei 9/2007 e co artigo 8 do Decreto 193/2011, o Concello estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona no artigo 10 do Decreto 193/2011 e que incorporará en todo caso a toma de razón en contabilidade mediante certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control co visto e prace do/a alcalde/sa, e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

Na xustificación deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios, así como doutras subvencións ou recursos á actuación subvencionada.

A Secretaría Xeral para o Deporte obrígase ao pagamento da achega indicada na cláusula segunda, para os anos 2021 e 2022, tramitando o seu aboamento con ocasión da xustificación da subvención, trámite que deberá cumprirse antes do 31 de outubro de 2021 e 2022. Non obstante o anterior, o dito prazo poderá prorrogarse ata o día 30 de novembro de cada unha das anualidades, a petición motivada do concello, sempre que a solicitude de prórroga se formule antes do día 1 de outubro de cada anualidade. A Secretaría Xeral para o Deporte fará a súa achega nas certificacións iniciais, ata acadar, de acordo co artigo 62 do Decreto 11/2009, o 80% do importe total da axuda. O 20% restante da axuda chegarase coa certificación final de obra.

No caso de aboamentos parciais o Concello está obrigado a presentar mensualmente a certificación e a documentación xustificativa desta durante a duración do convenio.

A Deputación Provincial de Ourense obrígase ao pagamento da achega indicada na cláusula segunda, para os anos 2021 e 2022, tramitando o seu aboamento con ocasión da xustificación da subvención, trámite que deberá cumprirse antes do 31 de outubro de 2021 e 2022. Non obstante o anterior, o dito prazo poderá prorrogarse ata o día 30 de novembro de cada unha

das anualidades, a petición motivada do concello, sempre que a solicitude de prórroga se formule antes do día 1 de outubro de cada anualidade.

De acordo coa Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e demais normativa de aplicación, o Concello de Xinzo de Limia, como administración contratante das obras, estará obrigado a xustificar ante a Deputación Provincial de Ourense o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se lle indique no acordo de concesión da subvención e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano de teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En todo caso os pagos efectuaranse unha vez examinada e conformada a xustificación presentada polo concello.

SEXTA: CONCORRENCIA CON OUTRAS AXUDAS

As axudas contempladas neste convenio son compatibles con outras que poida acadar o concello, sempre que a suma de todas elas non supere o investimento total real.

Antes do primeiro pagamento, o Concello achegará unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de subvención efectuadas, ou concedidas, para as obras obxecto deste convenio, diante das administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o Concello presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como das pendentes da resolución, para este proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

SÉTIMA: PUBLICIDADE DAS OBRAS

En todas as obras que se executen no marco do presente Convenio fixarase un cartel informativo da súa natureza, con indicación expresa das administracións públicas que colaboran no financiamento do plan no que se inclúen.

O tratamento tipográfico identificador das respectivas entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

Aos actos de inauguración ou posta en marcha das instalacións que se financien no marco do presente Convenio, asistirán os representantes oficiais designados polas administracións signatarias, para o que se facilitará, con suficiente antelación, o día e hora da súa realización.

En toda a información que se lles transmita aos medios de comunicación respecto deste convenio e das obras que conforme a este se levan a cabo, farase indicación expresa das administracións públicas que colaboran no financiamento deste plan.

OITAVA: COMPROBACIÓN E RECEPCIÓN DAS OBRAS

A Deputación de Ourense e a Secretaría Xeral para o Deporte, poderán efectuar cantas comprobacións estimen oportunas, con carácter previo á realización da proposta de calquera dos pagamentos parciais ou do final, incluíndo a comprobación da execución material do investimento que poderá realizar a través dun funcionario da Deputación e da Secretaría Xeral ou persoa que designen.

A recepción das obras farase polo Concello, quen lles dará conta dela á Deputación e á Secretaría Xeral mediante a achega da acta consignada para o efecto.

NOVENA: XESTIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS

Unha vez executadas e recibidas as obras polo concello, este asumirá a xestión, mantemento e conservación da senda, que terá como destino un uso ou servizo público de carácter deportivo, será responsabilidade exclusiva do concello, e serán de conta deste a totalidade dos gastos que xere.

Esta circunstancia non obviará a responsabilidade que á sociedade adxudicataria lle corresponda na policía e conservación das obras ata a recepción definitiva pola administración contratante.

DÉCIMA: REXISTROS PÚBLICOS DE AXUDAS

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, a Deputación consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Así mesmo consinte na publicación do convenio que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido as obrigas específicas de información sobre convenios.

UNDÉCIMA: VIXENCIA DO CONVENIO E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro do ano 2022, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada sempre e cando se solicite cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do prazo de xustificación.

As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio.

A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula décimo terceira, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se teña acordado a súa prórroga.
- 2.- O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DUODÉCIMA: MODIFICACIÓN DO CONVENIO

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

- 1.- Por acordo unánime dos asinantes.

En todo caso, a solicitude de modificación do prazo para presentar a xustificación do convenio, por parte do concello, deberá realizarse cunha antelación mínima dun mes á data da súa finalización.

- 2.- De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO TERCEIRA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio, a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada polos seguintes representantes das partes:

Dous representantes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Dous representantes da Deputación Provincial de Ourense.

Dous representantes do Concello de Xinzo de Limia.

Na comisión de seguimento e control informarase sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto para a súa aprobación, conforme coas limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación. Cando estas impliquen modificación do orzamento, a Secretaría Xeral para o Deporte e a Deputación de Ourense non asumirán compromisos económicos que impliquen incrementar a contía das anualidades establecidas na cláusula segunda.

En calquera caso, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida por parte da Secretaría Xeral, serán resoltas polo secretario xeral para o Deporte.

DÉCIMO CUARTA: LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido nel, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.

Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

2º. Ao tratarse dun **gasto plurianual**, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para os exercicios seguintes as cantidades correspondentes, para asumir as anualidades do gasto indicadas.

6º.- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DE CENLLE, PUNXÍN E SAN AMARO PARA CONTRATAR O SERVIZO DE EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO E DA SUBMINISTRACIÓN DA ENERXÍA ELÉCTRICA DAS INSTALACIÓN DE ABASTECIMENTO EN ALTA RAZAMONDE-SAN TROCADO.

O secretario xeral da conta do ditame da comisión informativa sobre este asunto, dando lectura a este.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): simplemente intervéñ para reiterar o voto favorable do seu grupo.
- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): comeza sinalando que o seu grupo votará a favor deste convenio de colaboración cos concellos de Cenlle, San Amaro e

Punxín, e felicita aos técnicos provinciais polo informe de valoración das instalacións tan exhaustivo que fixeron e que seguramente dará que falar no futuro.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): indica que se trata de facer coincidir o remate dos prazos do contrato de xestión da infraestrutura por un lado, e do propio convenio de colaboración polo outro. Aproveita a súa intervención para agradecer o consenso ao que sempre chegan os representantes dos concellos que integran a comisión de seguimento do referido convenio.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Ratificar a prórroga do convenio (acordada por razóns de urxencia) entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro para contratar o servizo de explotación e mantemento e da subministración da enerxía eléctrica das instalacións de abastecemento en alta Razamonde-San Trocado, que se estenderá durante o tempo da vixencia do contrato realizado con GADESSA, que finaliza o 15 de marzo de 2023 (coa posibilidade de prorrogalo por dous anos máis).

7º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): explica que o pasado 9 de marzo de 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola "Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia" (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora. Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pala pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves

consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19. Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. En Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%. Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación en Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18h e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posíbel. De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súas actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade. Galiza, segundo datos de Rede Eléctrica Española, xerou un total de 6.250 xigavatios/hora nos dous primeiros meses do ano 2021, unha cifra que practicamente duplica a dunha demanda que se situou nos 3.160 xigavatios, na antesala da escalada do prezo da luz e a reforma eléctrica. Galiza experimentou un novo empuxe nos rexistros de produción eléctrica tras suplir o apagón térmico cos avances da eólica, o ciclo combinado e sobre todo coas centrais hidráulicas. Así dos 2.292 xigavatios/hora acadados en xaneiro e febreiro do ano 2020, pasouse aos 2.918 xigavatios hora (un 46,7% del total) en 2021. Trátase dun repunte do 27, 4%, que triplica ao experimentado pola segunda fonte no mix enerxético galega: a eólica. Galiza achegou entre xaneiro e febreiro de 2021 un total de 2.293 xigavatios/hora aos sistema eléctrico a través dos aeroxeradores que xa están implantados e en funcionamento. A cifra supón un avance do 8,2% respecto aos 2.118 xigavatios do mesmo período do ano 2020 e implica que a eólica xa supón o 36, 7% da xeneración enerxética total en Galiza. Aos repuntes da enerxía hidroeléctrica e a eólica súmanse os rexistrados pelas centrais do ciclo combinado de Sabón, As Pontes e Meirama. Estas últimas, que se alimentan de gas, pasaron de achegar 381 xigavatios por hora nos primeiros meses de 2020 a 464 nos primeiros meses de 2021. As grandes compañías asentadas no noso País, que explotan o noso vento e a nosa auga de orixe

foránea, mesmo de capital público de outros estados, facturaron pola electricidade 1.500 millóns, calculando polo baixo e tendo en conta que o prezo medio do mercado por xunto en 2016 (últimos datos cerrados da REE) foi de 48 € o megavatio/hora. Polo tanto, a enerxía que se exportou ao resto do Estado estaba valorada nun 500 millóns. Mentres estas compañías lle achegan ás arcas públicas galegas entre canons, taxas e impostas uns 88 millóns, calculando polo alto. En Ourense, segundo o último "balance enerxético" do INEGA de 2020 referido ao ano 2019, hai 258 instalacións de enerxías renovables. Que debido á potencia do sector hidráulico domina o sector das renovables en Galiza, xerando preto do 40 % da enerxía renovable galega para o ano referido. Segundo este mesmo informe, o último publicado polo INEGA en 2020, en 2019 en Ourense había 25 centrais hidráulicas, cunha produción de 2.371 MW, e outras 29 minihidráulicas, con 91 MW. Once instalacións de enerxía eólica cunha produción de 312 MW. E no que a enerxía fotovoltaica se retire Ourense canta con apenas 191 instalacións, 109 conectadas á rede e 82 destinadas a autoconsumo. Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión se demanda tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo. O goberno do Estado español continúa a penalizar a quen produce (Galiza), e beneficia a quen consume. Como nacionalistas non asumimos esta lóxica humillante da estafa e do espolio permanente, que tanto dano nos fai e nos fixo historicamente. Galiza produce electricidade e temos dereito a que esa riqueza reverta sobre o pobo galego. Por se fose pouco o Estado español puxo en marcha o "suplemento territorial" por Orde ministerial en época do goberno PP, da tarifa eléctrica que lle corresponde pagar a cada comunidade autónoma. Polo que Galiza xa é o territorio que paga a factura máis cara do Estado español. Galiza produtora de enerxía eléctrica, e nutrindo a outras partes do Estado, paga o 34% do total do suplemento territorial, mentres Madrid, deficitaria en enerxía eléctrica, tan só un 2,1 %. Teñamos tamén en conta que Madrid máis que duplica a poboación galega e que no noso país temos salarios e pensións dos máis baixos do Estado. Así, con estes agravios e a pesar da riqueza que se produce no noso país, 85.000 fogares de Galiza atópanse en situación de pobreza enerxética, é dicir, que carecen de ingresos suficientes para pagar a enerxía necesaria para a satisfacción das necesidades domésticas, tal como sinala o estudo 'La pobreza energética en España:

Aproximación desde una perspectiva de ingresos”. Non falamos só de malestar térmico ao referirmos a pobreza enerxética, senón que esta situación pode ter consecuencias adversas sobre a saúde, como enfermidades respiratorias, cardíacas e, mesmo enfermidades mentais exacerbadas polas baixas temperaturas e o estrés que producen unha factura de enerxía inaccesible e agravándose moito a situación desde o ano pasado por efecto da crise xerada pola pandeima, sen esquecer tampouco os centos de accidentes que se producen todos os anos por mor de empregar sistemas de calefacción pouco axeitados para aforrar nun ben excedentario en Galiza como a enerxía eléctrica. Cabe sinalar que nestes momentos xa existen tarifas eléctricas no Estado axeitadas ás súas realidades, como é o caso do País Vasco e o caso de Estremadura. Por todo o exposto, o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galega somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1. Trasladarlle ao Goberno central o rexeitamento por parte da Deputación de Ourense da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2. Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

a. Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 4%

b. Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

c. Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

3. Instar á Xunta de Galiza:

a. Asumir as súas competencias en materia de Enerxía.

b. Creación dunha empresa pública galega que integre os encoros que remataron o período de concesión e socialización dos benéficos xerados pola produción eléctrica, e nomeadamente a eólica.

c. Garantir a subministración eléctrica a toda a poboación, establecendo medidas para que non se lle poida cortar a luz a ningunha persoa sen recursos.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): comeza sinalando que, como xa indicou na comisión informativa, lle gustaría que nesta moción se permitise a votación por puntos, cuestión que o grupo político proponente lle indicou que non vai aceptar. Entrando xa no contido da moción sinala que estaría en condicións de apoiar o punto primeiro, referido a trasladarlle ao Goberno central o rexeitamento por parte da Deputación de Ourense da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021. Respecto á proposta de creación dunha empresa pública entende que esta debería ser estatal e non autonómica, e que este debate en todo caso debe trasladarse ao Estado, xa que a Deputación carece de competencias neste eido. Remata anunciando que polas razóns expostas vai votar en contra desta moción.

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): comeza expondo os cinco apartados que compoñen a factura da luz, dos que un é variable en función do que consuma o abonado, un é fixo polo feito de recibir o servizo, outro polo alugueiro dos equipos, outro é o imposto eléctrico e outro o IVE. Engade que na parte variable existen dous tramos de potencia e tres tramos de consumo. Sinala que a política da UE e do goberno central tenta promover un cambio de hábitos no consumo da enerxía, pero que esta tarifa beneficia aos denominados tramo “valle” e “llano”, prexudicase moito ao tramo “punta”, tanto ás actividades empresariais como as domésticas, polo que ten un forte impacto na factura da electricidade. Remata anticipando o seu voto favorable á presente moción.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): intervéñ sinalando que estamos ante unha moción tan ampla e con tantas propostas de acordo que podería tramitarse como sete mocións distintas, e que moitas delas non gardan relación entre elas. Entende que o lóxico deste asunto sería debatelo e votalo por puntos.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): comeza sinalando que deste tipo de cuestións xa se ten debatido neste plenario, se ben con outro partido gobernando en Madrid. Pese a isto, afirma que o grupo provincial socialista vai ser coherente e vai manter os mesmos argumentos. Engade que é unha evidencia que hai que deixar clara, que a enerxía eléctrica é un ben demasiado caro, que afecta ás persoas máis vulnerables e que non pode seguir nesta situación. Agora ben, tamén tiña que darse o debate sobre os prezos de enerxía eléctrica que teñen que pagar os concellos para dar os seus servizos á veciñanza, e que tiña practicamente testemuñal, sobre todo en Galicia onde somos produtores. Sinala que debemos

partir do feito de que é practicamente imposible entender e discernir unha factura de consumo da enerxía eléctrica, por exemplo no concepto de potencia instalada e a importancia que ten. Engade que o seu grupo tamén estaría a favor dunha votación por puntos xa que estarían en disposición de aprobar moitos dos puntos da moción presentada. Respecto ao primeiro punto de proposta de acordo sinala que non é certo que a política do goberno central estea a ocasionar a suba da factura da luz, senón que se trata da execución e cumprimento dunha directiva da UE. Tampouco é certo que o Goberno central non estea a facer nada para paliar esta situación, senón todo o contrario, xa que xa anunciou que se vai rebaixar o IVE da factura da luz, e que esta é a ferramenta que teñen os gobernos. Sobre os seguintes puntos indica que o seu grupo podería estar a favor de moitos deles, pero que estamos ante un tema moi complexo de entender e de debater. Engade que parte da solución pasaría por crear unha comisión de expertos a nivel estatal para intentar paliar a situación cunha nova regulación deste mercado. Sinala que ao non permitirse a votación por puntos, o sentido do voto do grupo socialista vai ser a abstención.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): toma a palabra para matizar que aínda que o seu grupo concorda con moitos aspectos desta iniciativa política do BNG, se aproveite esta para facer unha proposta absolutamente ideolóxica como é da tarifa eléctrica galega e unha sociedade pública galega. Concorde na exposición que se fai da improvisación do goberno central para defender ás familias e ás empresas galegas ante a situación actual da tarifa eléctrica, e que este goberno leva tres anos prometendo a rebaixa da tarifa eléctrica, mentres fixo todo o contrario. O día 1 de xuño entrou en vigor o novo réxime de tarifas, que vai supoñer un encarecemento do servizo para calquera fogar medio, nun contexto de crise económica e social, mentres a ministra de Transición Ecolóxica dixo que se trataba simplemente “...de una cuestión de eurillos...”. Hoxe temos a enerxía máis cara de Europa, é o culpable é o Goberno Central. Coincide en discrepar absolutamente da política enerxética deste goberno central, pero lamenta as discrepancias que existen nas partes da moción xa explicadas. Insiste en que unha tarifa eléctrica galega faría que esta fose aínda máis cara, tal e como se acreditou polos expertos que compareceron nunha moción similar debatida no Parlamento galego no ano 2017. Por último lembra as políticas que dende a Xunta de Galicia se levan implementando nos últimos anos para paliar os efectos do prezo da tarifa eléctrica nos consumidores máis vulnerables ou en risco de exclusión social. Remata concluíndo que

de non ser polo apartado terceiro, votarían a favor da moción, razón pola que volve solicitar a votación desta por puntos.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): nesta quenda sinala que o seu pensamento era que esta moción ía ser apoiada e votada favorablemente. Sinala que o prezo “valle” da electricidade neste ano é o mesmo prezo “punta” do ano pasado, o que considera unha auténtica barbaridade. A minicentral hidroeléctrica do río Cerves entre Ribadavia e Melón, acaba de ver prorrogada a súa concesión 25 anos mais, o que non fai mais que incrementar o debate sobre o impacto destas infraestruturas no noso territorio e a pouca repercusión económica que xeran. Engade que Europa non obriga a que o sistema de fixación de prezos sexa marxinalista, e non entende porqué non se apoia unha tarifa eléctrica galega e diferenciada, cando outros países de Europa como Alemaña si a permiten. Ao respecto do debate sobre as empresas públicas e como exemplos, sinala que en Francia o primeiro produtor e distribuidor de enerxía eléctrica, e que tamén o é de Europa, é do Estado francés, e que unha situación similar se da en Italia, na que unha empresa pública, que ademais comprou á española ENDESA, é do Estado italiano. Seguidamente sinala como dato que a mercantil ENDESA tiña instalada en Galicia no ano 2018, unha central térmica, sete embalses hidroeléctricos, cinco parques eólicos, e todo isto cun gran impacto ambiental, mentres paga en Galicia de imposto de sociedades “cero euros”, e en Madrid, onde non ten máis que a sede, paga case trescentos millóns de euros.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): volve incidir en que un tema tan controvertido debería permitir unha votación por puntos, e que afecta directamente a toda a cidadanía, insistindo en que o debate debe darse precisamente no Parlamento do Estado.

- 2ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): continúa coa súa argumentación indicando que a UE pretende un modelo de consumo de enerxía eléctrica máis sostible, engadindo que é ao Goberno do Estado a quen lle corresponde fixar os “cargos” da tarifa eléctrica, polo que si existe unha responsabilidade do goberno Central na actual situación. Polo exposto e pola gran importancia deste asunto na vida cotiá da cidadanía indica que votará favorablemente a esta iniciativa política.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): indica que todos os grupos semellan estar de acordo en que a moción aborda moitas cuestións, diferentes e con diferente grao de profundidade, e que nalgunha delas practicamente todos os grupos estarían de acordo. Insiste en que se deberían votar por puntos as proposta de acordo, e que esta mestura de propostas o

único que fai é facilitar a demagogia, polo que o seu grupo ao non querer entrar neste xogo se vai abster.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): toma a palabra para sinalar que xa agardaba que o Partido Popular ía facer demagogia nesta asunto, mentres que o grupo socialista mantén a mesma postura deste hai anos. Indica que o prezo da enerxía é unha cousa, e as medidas que se están a tomar por este goberno Central para paliar esta situación, que son moitas, son outra distinta. Seguidamente indica que os prezos máis altos da factura da luz vivíronse no ano 2012, co goberno Popular de Mariano Rajoy, polo quen pide que non se faga demagogia con este asunto. A continuación indica que o Goberno acaba de anunciar a aplicación do 10 % de IVA a todos os consumidores vulnerables severos, e que unha medida como esta non foi adoptada polo Partido Popular cando gobernaba. Remata sinalando que hai que falar destas cuestións onde corresponde e sen demagogia, e que o seu grupo mantén o mesmo discurso que cando gobernaba en Madrid o Partido Popular.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Lamenta que non se acepte a votación por puntos, xa que apoiarían gran parte dela. Seguidamente indica que o Partido Popular igual non o fixo moi ben no goberno Central respecto a este asunto, pero é que o Partido Socialista o está empeorando claramente, xa que non está facendo nada de nada. Neste ano 2021 estamos a asistir a un crecemento constante do prezo da luz, que coloca a España como o país co prezo máis caro de Europa. E cos impostos máis altos entre os países da súa contorna. Respecto á rebaixa do IVE ao 10 %, matiza que esta só o é ata finais de ano e só para determinados consumidores en función da potencia contratada e sempre dependendo do prezo medio do mercado por xunto, polo que non vai ser un beneficio para toda a cidadanía, senón que é simplemente un parche. Remata indicando que este país necesita medidas efectivas e non propaganda, que é ao que se dedica este goberno do PSOE.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): respecto á afirmación do voceiro de DO de que o seu partido non practica a demagogia, indica que o señor Jácome é seguramente o mestre da demagogia na política deste provincia. Insiste en que a tarifa eléctrica deste país é das máis caras, e pregunta cal é razón de que se acepten tarifas diferenciadas noutras CCAA como Estremadura ou o País Vasco, ou porqué países como Italia, Francia ou Alemaña poden ter empresas públicas e España non. Insiste en que a postura do BNG está claramente reflectida nesta moción, polo que lamenta que non vaia saír adiante, nun tema tan sensible como este.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do deputado non adscrito don José Miguel Caride Domínguez (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e da deputada non adscrita dona Montserrat Lama Novoa (1), e a abstención do Grupo Socialista (9) e de Democracia Ourensana (1).

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA SOLICITAR A URXENTE CREACIÓN DUNHA LIÑA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA AS ASOCIACIÓNS DE COMERCIO LOCAL DA PROVINCIA DE OURENSE

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): explica que a figura das asociacións de comercio local e, máis concretamente, a dos centros comerciais abertos (CCAs), converteuse nos últimos anos nun formato comercial indispensable para a modernización e revitalización dos espazos comerciais, provocando impactos positivos de carácter económico, social e urbano. Este formato de cooperación entre comerciantes é un potente dinamizador do comercio local de proximidade, sendo especialmente necesaria a súa existencia en momento nos que este sector atravesas situacións difíciles como as que vivimos na actualidade, por mor da pandemia da Covid-19. Entre as funcións dos centros comerciais abertos, entre outras, podemos destacar: • Realización de negociacións e acordos subscritos con administracións públicas para a posta en marcha de fórmulas de funcionamento con órganos de xestión público privadas e os acordos con provedores e con entidades financeiras. • Posta en marcha de campañas de promoción conxuntas, de animación comercial e de publicidade a través dos medios de comunicación. • Prestación de servizos xerais, como o asesoramento xeral a todos os seus asociados naqueles intereses que lles sexan propios. • Impulso da existencia, calidade e posta en práctica dun manual de imaxe identificativa dos CCAs, identificación dos establecementos asociados, existencia de portal web ou de formulas de venda en liña. Queda, polo tanto, demostrada a función dinamizadora e social que estes CCAs realizan, permitindo

que os comercios tradicionais urbanos poidan competir, en similares condicións aos das grandes superficies, osixenando ao comercio local e enchendo de vida as rúas dos nosos espazos urbanos. Define tamén a Lei 13/2010, de 17 de decembro do Comercio Interior de Galicia, concretamente no artigo 24, os centros comerciais abertos como: 1. Son centros comerciais abertos aquelas agrupacións de establecementos comerciais legalmente constituídas, representativas do pequeno comercio ou comercio tradicional, situados nas rúas dun determinado entorno urbano delimitado e con tradición comercial, que ofrecen unha imaxe e estratexia unitaria da oferta global e se rexen por criterios de xestión integral ou de conxunto, no ofrecemento de servizos comúns, a creación de servizos colectivos ou a celebración de actividades, comunicacións ou campañas de promoción. 2. A Administración autonómica impulsará e potenciará a creación e mantemento dos centros comerciais abertos colaborando coa correspondente Administración local. Para dar cumprimento a este punto 2, a Xunta de Galicia convoca anualmente, a través da Dirección Xeral de Comercio, unha liña de axudas en réxime de concorrència competitiva para a dinamización, expresamente, de centros comerciais abertos localizados na comunidade autónoma. A provincia conta con diversas e diferentes asociacións de comerciantes: en Celanova e Xinzo de Limia en forma de asociación e en Verín, Ribadavia, Carballiño e O Barco de Valdeorras en forma de centros comerciais abertos, A súa vez, a cidade de Ourense conta con tres: Ourense Centro, Ourense Norte e Couto Centro. Estas organizacións están compostas polos seus propios asociados, que son coñecedores de primeira man e sobre o territorio, das necesidades do noso comercio local. Son unha peza clave no referente á prestación de servizos locais e de proximidade, e para a creación de emprego. Cada unha destas asociacións coñece as necesidades do seu concello, dos seus clientes e, polo tanto, tamén de como promocionarse na súa contorna máis inmediata para acadar os seus obxectivos. Nos últimos anos, moitas destas asociacións presentaron diferentes proxectos diante da Deputación Provincial de Ourense e non tiveron acceso ás axudas solicitadas, a pesar de ser un elemento nuclear para a dinamización das vilas e localidades da provincia. Durante a pandemia tiveron que acudir a fórmulas de crédito para poder subsistir e, en moitos casos, son os concellos e as restantes entidades locais, cos seus escasos recursos, os que teñen colaborado -e así o seguirán facendo- en campañas de fomento do consumo e promoción porque, como administración máis próxima, saben que forman parte da cadea económica e social do seu territorio. As axudas a estes sectores económicos especialmente afectados pola situación económica do último ano e medio, son agora máis

perentorias que nunca. Estas axudas deben ser impulsadas dunha forma proactiva como políticas de fomento da competitividade, do comercio urbano e de loita contra o desemprego. E a Deputación de Ourense, como concello de concellos, debe ser que auxilie e preste estas axudas a todos os interesados e interesadas da nosa provincia, en condicións de transparencia, igualdade e equidade. Por todo o exposto, o grupo provincial socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

1. Creación dunha liña de axudas de concorrencia competitiva con criterios obxectivos e igualitarios para o reparto, con carácter de urxencia, a través dunha modificación de crédito de 500.000 € para este ano 2021 e que se manteñan en vindeiros exercicios, para que subvencionen campañas de márketing dixital e venda en liña; de fidelización e dinamización; e para gastos correntes e de xestión.

2. Creación do Plan Estratéxico do Comercio de Ourense, en colaboración coas asociacións de comerciantes e centros comerciais abertos da provincia, para o desenvolvemento de accións colectivas de promoción comercial, que permitan mellorar a competitividade e impulsar a modernización do sector comercial e de establecementos de venda directa.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): intervén para manifestar que lle parece unha tomadura de pelo que o grupo socialista, que ten xudicializadas as axudas a autónomos desta Deputación, veña cunha moción deste tipo, para pedir axudas para asociacións conformadas por persoas cuxas axudas teñen denunciadas.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que todas as axudas que se poidan tramitar deben ser benvidas na situación actual nesta provincia, polo que a van apoiar, sobre todo na liña de que sexan equitativas, cun sistema claro e xusto e con concorrencia competitiva, polo que o seu grupo vai votar a favor desta iniciativa política do grupo socialista.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): manifesta que o seu grupo é partidario da mínima intervención dos poderes públicos no mercado, salvo situacións excepcionais como é o caso. Neste senso lembra as axudas a autónomos do concello de Ourense, as máis altas dunha administración local en España. Sobre as propostas da moción entende que son bastantes vagas e abstractas, e non se explica ou se xustifica a contía proposta. Manifesta igualmente que a solución pase por elaborar un plan estratéxico do comercio. Conclúe indicando que polo exposto vanse abster na votación desta moción.

- 1ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): comeza a súa intervención dicindo que é unha ironía que o grupo socialista fale da crise do comercio durante a pandemia, e mentres manteña impugnadas as axudas a autónomos promovidas por esta Deputación Provincial por importe de catro millóns de euros. Engade que esta moción semella máis ben unha broma ou unha ocorrencia do grupo socialista. Sinala que a Deputación estivo e estará co comercio para superar a crise da pandemia, lembrando que esta Deputación achegou 250.000,00 ao bono turístico da Xunta de Galicia e que tamén vai achegar fondos ao programa da Xunta de axudas á hostalería. Neste punto fai un breve repaso de todas as axudas da administración autonómica e da Deputación co comercio local, pedíndolle ao grupo socialista que recoñeza o traballo xa feito por estas administracións, en particular por esta Deputación.

- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): comeza sinalando que cada grupo fai as propostas políticas que considera, e que non vai ser ela a que entre a discutir o que xa está máis que debatido. Pregunta que axudas directas outorgou a Xunta de Galicia aos concellos neste contexto de crise económica. A continuación explica a delicada situación actual na que se atopa o comercio local, e pon en valor o importante traballo que están a facer as asociacións e centros comerciais abertos en defensa deste comercio local e de proximidade. Engade que na provincia de Ourense pechan cinco comercios cada semana, e que a situación é moi urxente, xa que a 24 de xuño de 2021, segundo os datos do Observatorio económico ourensán, o comercio polo miúdo e ao retallo representa nesta provincia 13,4 % da actividade. Insiste en que a demanda desta moción é darlles apoio económico e osíxeno ás asociacións de comerciantes e centros comerciais abertos para a supervivencia dun tecido económico de vital importancia para esta provincia.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): manifesta que coa lectura desta moción lembrou unha situación vivida no concello de Xinzo de Limia, onde unha moción do grupo popular para que as axudas ás asociacións previstas no orzamento se estendesen a todas as existentes no concello, se rexeitou polo grupo de goberno municipal, e onde a alcaldesa Elvira Lama, propoñente da presente moción, dixo literalmente que “son as asociacións as que teñen que vir solicitar ao concello”. Manifesta que hai que ser coherentes e manter unha liña política similar, e polo tanto que esta moción do grupo socialista lle parece unha tomadura de pelo.

- 2ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): sobre o fondo da moción sinala que está conforme coas propostas de acordo que figuran e que non se pode opoñer a ela, e sen entrar na súa forma, indica que apoiará co seu voto esta iniciativa política.
- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): manifesta que concorda coa necesidade de establecer unha liña de axudas para o comercio local e de proximidade, lembrando que desde o nivel local e provincial se poden facer actuacións de axuda, sen obviar as competencias reguladoras do Estado e incluso da UE, sobre todo para frear a competencia das grandes plataformas e cadeas de distribución vía internet, que teñen importantes beneficios fiscais. Remata indicando que o BNG non ten ningún inconveniente en apoiar esta moción.
- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): sinala que os poderes públicos deben pensar máis en apoiar máis ás familias e á veciñanza en xeral, pero non debe dirixirse a sectores económicos concretos. Coincide coa moción nese sentido de axudar ás persoas a curto ou medio prazo, pero sabendo que non é a solución para salvar un determinado sector comercial. Pola xeneralidade e abstracción das propostas de acordo da moción, indica que o seu grupo se vai abster na votación.
- 2ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): nesta quenda reitera que o grupo socialista mantén recorridas as axudas xa cobradas a máis de catro mil autónomos da provincia. A continuación pasa a detallar todas as axudas, directas e indirectas, postas en marcha por esta Deputación Provincial, desde marzo de 2020 para loitar contra os efectos da pandemia da COVID-19, a favor do comercio, dos autónomos e da veciñanza en xeral. Conclúe que a actuación do grupo socialista é totalmente cínica e que o que deberían facer é pedir perdón polo recurso interposto.
- quenda de peche Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): agradece ao grupo do BNG e ao deputado Miguel Caride o seu respaldo á moción. Seguidamente indica que é indecente acusar ao grupo socialista por ter recorridas as posibles irregularidades no procedemento de concesión das axudas, mentres pactan cun grupo que ten recorrida a compra do arquivo dun xornal por esta Deputación. Insiste na necesidade de axuda aos autónomos e ao comercio local, e de como tiveron que ser os concellos os que adoptaran medidas para apoiar a este sector (exención de taxas, bonificacións, axudas directas etcétera). Por último sinala que esta Deputación non é precisamente exemplo de reparto equitativo, instando aos grupos políticos a apoiar a moción, pola súa importancia para a reactivación do comercio local.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e do deputado non adscrito don José Miguel Caride Domínguez (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e da deputada non adscrita dona Montserrat Lama Novoa (1), e a abstención de Democracia Ourenzana (1).

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A RABAIXA DAS TARIFAS NOS TRENDS AVANT ENTRE OURENSE E SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): explica que o servizo ferroviario de media distancia (MD) Avant, operado pola entidade pública empresarial Renfe-Operadora, comezou a funcionar en Galicia a finais do ano 2011, trala posta en servizo dunha liña de alta velocidade entre Ourense e Santiago de Compostela. Desde entón, este servizo converteuse na terceira relación con máis viaxeiros punto a punto da nosa comunidade autónoma. No ano 2019, último exercicio auditado en normalidade, sumou 306.800 viaxeiros -uns 5.000 máis que o ano anterior-, estando por diante as relacións A Coruña-Santiago (1.187.300) e Santiago- Vigo (352.400). Á súa vez, a relación Ourense-A Coruña deste mesmo servizo MD de alta velocidade acumulou 187.400 viaxeiros en 2019. Polo tanto, observamos que case medio millón de persoas empregaron este Avant ao longo dese ano. Estamos ante unha cifra de usuarios e usuarias elevada, que podería ser maior se as tarifas e abonos fosen máis accesibles. O traxecto entre Ourense e Compostela custa 17,7 euros con billete sinxelo de ida e 28,3 euros con ida e volta. Ademais, existen bonos para viaxeiros e viaxeiras habituais que reducen os prezos ata os 6 ou 7 euros por traxecto. Estas tarifas son as mesmas que Renfe-Operadora aplica a todos os servizos Avant do Estado -están estipuladas normativamente en función do tipo de infraestrutura e material rodante empregados- a excepción dos trens de alta velocidade que circulan entre A Coruña e Vigo. En marzo de 2015 foi inaugurado o novo trazado ferroviario entre Santiago e Vigo, completando así a infraestrutura de alta velocidade do Eixo Atlántico, pero o Ministerio de Fomento, entón encabezado por Ana Pastor, acordou non actualizar as súas tarifas. Esa decisión política permitiu manter prezos de media distancia convencional nunha liña de alta velocidade que

emprega o mesmo modelo de tren e servizos que circula entre Santiago de Compostela e Ourense. Aquel acordo provocou unha evidente e sorprendente discriminación dentro de Galicia. Os trens de media distancia da zona máis rica, dinámica e mellor comunicada da comunidade autónoma son moito máis económicos que os trens que conectan con Ourense. Concretamente, o servizo Avant ourensán é case un 70 % máis caro que o da costa galega. A modo de exemplo, o tren de alta velocidade entre Santiago e Ourense custa actualmente 16 céntimos por quilómetro, mentres que entre Compostela e Vigo ou A Coruña custa 9 céntimos por quilómetro. Ante a dificultade de aplicar unha rebaixa selectiva das tarifas ordinarias destes servizos Avant que provocaría novos agravios por todo o Estado, as administracións públicas rexionais e locais, desde hai anos, exploran fórmulas que permiten acadar prezos máis competitivos nos denominados servizos de Obrigación de Servizo Público (OSP) de Cercanías e Media Distancia que, obrigadamente, debe prestar a empresa pública ferroviaria. Así pois, a Junta de Castilla y León vén de acordar que subvencionará parte do custo das viaxes das persoas que teñan a Castilla y León como residencia habitual e viaxen en Avant a Madrid. Estas subvencións centraranse nas conexións ata a capital de Segovia, Valladolid, Palencia, Burgos (en canto se inaugure a súa nova liña) e posiblemente Zamora. O goberno de Alfonso Fernández Mañueco definiu a medida como unha "aposta imprescindible e necesaria para fixar poboación" no seu territorio. A Junta tamén anunciou que lle pedirá á vicepresidenta do Goberno central, Teresa Ribera, que ten competencias en materia de reto demográfico, "colaboración" para asumir unha parte desta subvención, mais matizaron que é unha medida que adoptarán "en calquera caso, colabore ou non o ministerio". Estas contribucións económicas a trens de media distancia non son unha estrañeza de Castilla y León. Outras comunidades autónomas replican o modelo de cofinanciamento nos servizos de obrigación de servizo público. Por iso, desde o PSdeG-PSOE cremos necesario que a Xunta de Galicia faga o mesmo no seu territorio. O Goberno galego debería traballar nunha proposta de convenio que lle permita subvencionar as tarifas dos Avant que unen Ourense con Santiago e A Coruña. Non sería unha medida nova, partidista ou inusual. No pasado, o Goberno galego xa asinou acordos similares co entón Ministerio de Fomento, a fin de financiar a circulación de servizos ferroviarios dentro da comunidade autónoma, varios deles na nosa provincia. De feito, estamos ante unha práctica habitual que, sistematicamente, tamén aparece recollida nos Orzamentos Xerais do Estado, que aportan uns 1.000 millóns para manter activos os trens cualificados como OSP. No caso de Ourense -e de Galicia en xeral- son todos os de media

distancia convencional e os A vant de alta velocidade. Os socialistas cremos que esta subvención da Xunta serviría para rectificar a fenda discriminatoria que supuxo para Ourense aplicar tarifas Avant nos seus trens de media distancia, pero non naqueles que unen A Coruña e Vigo pasando por Santiago e Pontevedra. Sería unha mostra evidente do famoso "reequilibrio territorial" que moito se menciona pero pouco se practica. Igualmente, sería unha medida en favor do problema demográfico da nosa provincia. Unha rebaixa das tarifas permitiría mellorar substancialmente a mobilidade laboral de moitas persoas, posibilitando a residencia en Ourense cando o seu posto de traballo estea noutra provincia.

A nosa provincia perdeu 136.000 habitantes ao longo do último medio século. Esa perda constante de persoas non mudou e, na actualidade, segue a ser un dos principais problemas do territorio. A mellora das infraestruturas e dos medios de transporte, así como a dinamización do mercado laboral e das economías locais co impulso das administracións públicas, son aspectos nucleares que, noutros casos parecidos ao de Ourense, xa amasaron a súa sólida eficacia á hora de manter e incrementar o censo de residentes. Igualmente, desde o PSdeG-PSOE ourensán, unha vez finalizado o estado de alarma e co proceso de vacinación moi avanzado, consideramos preciso retomar as frecuencias de trens Avant que aínda permanecen suprimidas, trala redución de servizos que ocasionou a menor mobilidade derivada da pandemia do virus SARS-CoV-2. Tamén cremos que deben ser retomados os restantes servizos rexionais pre-pandemia. Dos 80 trens de media distancia que circulaban diariamente polas vías ferroviarias de Galicia ata marzo de 2020, no momento de redactar esta iniciativa, Renfe-Operadora só restablecen a circulación de algo máis da metade (uns 43). Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a subvencionar as tarifas dos trens de media distancia Avant que unen Ourense con Santiago e A Coruña, para rebaixar os prezos co fin de igualalos aos que se aplican nos trens de alta velocidade do Eixo Atlántico que unen A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo.
2. Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a colaborar na subvención dos trens de media distancia Avant que unen Ourense con Santiago e A Coruña, para rebaixar os prezos co fin de igualalos aos que se aplican nos trens de alta velocidade do Eixo Atlántico que unen A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo.

3. Instar á entidade pública empresarial Renfe-Operadora a restablecer todas as frecuencias de trens Avant na liña Santiago de Compostela-Ourense, existentes antes do recorte de frecuencias ocasionado pola pandemia, así como a restablecer todos os servizos ferroviarios recortados por mor da Covid-19 no resto de liñas de media distancia de Galicia.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): na súa primeira quenda de intervención pregúntalle ao grupo proponente se aceptarían a votación por puntos, xa que estaría en disposición de apoiar algunha das propostas de acordo da moción.

- 1ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): manifesta que a situación da mobilidade entre Santiago e Ourense é un tema moi relevante, e que lle parece que esta iniciativa política é unha moción moi acaída. Entende que o custo actual da rede ferroviaria que une ámbalas dúas cidades é excesivo polo que calquera das propostas de rebaixa que se formulan nesta moción lle parecen correctas. Remata reiterando o seu voto favorable.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): indica que dende o BNG non poden apoiar a totalidade da moción proposta, xa que entende que sobran motivos para requirirlle á Xunta de Galicia o investimento de fondos na rede ferroviaria galega de proximidade pero sen obviar que é o Goberno do Estado o que ten a responsabilidade absoluta por decisión propia, nas infraestruturas e medios de locomoción ferroviarios en Galicia. Seguidamente pregunta se pode considerarse normal un custo de 17,70 € polo traxecto Ourense-Santiago ou 25,30 € polo traxecto Ourense-A Coruña, mentres que o novo tren AVLO ten un prezo polo traxecto Madrid-Barcelona de 7,00 €. A continuación lembra como con ocasión da pandemia se suprimiron servizos ferroviarios que afectan a este traxecto e que aínda non teñen sido recuperados. Engade que en Ourense temos o exemplo contrario ao que debería ser, xa que cada vez temos menos servizos e máis caros, mentres que noutros puntos do Estado se fan rebaixas e investimentos. Lembra que xa no ano 2018 a iniciativa do BNG, o Parlamento galego por unanimidade instou ao Goberno Central a unha homologación das tarifas destas liñas ferroviarias de conexión con Ourense co traxecto A Coruña-Vigo, e que non semella lóxico que agora esquezamos esta reivindicación, e esixamos que achegue fondos á Xunta de Galicia, que no día de hoxe non ten competencias, e tería que detraer fondos doutras partidas. Sinala que o acordo de investidura asinado entre o PSOE e o BNG contempla o reforzo dos trens en Galicia, o que está a ser incumprido polo goberno socialista de Madrid, ao igual que sucede coa rebaixa da peaxe da AP-9. Remata solicitando novamente a votación por puntos, indicando que o seu grupo apoiaría os puntos 2º e 3º da proposta de acordo, rexeitando o 1º.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): simplemente sinala que os tres puntos deberían constituír tres mocións diferentes ou polo menos permitirse a votación separada destes.

- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): comeza sinalando que vai compartir case na súa totalidade a intervención do voceiro do BNG. Sinala que na súa opinión, todos os grupos semellan compartir cal é o problema, polo que o lóxico sería que todos compartan tamén que a solución debe vir da Administración que ostenta as competencias neste asunto, dentro da lóxica institucional. Na liña do xa manifestado neste debate, o voceiro do grupo do PP manifestouse, pedindo a votación separada dos tres puntos da proposta de acordo, e indicando que de aceptarse isto, apoiarían os puntos 2º e 3º da proposta de acordo, que fan referencia á Administración competente na materia, rexeitando o 1º, que pide a intervención da Xunta de Galicia nunha competencia estritamente estatal. Insiste en que se manteña a coherencia, e pídelle ao Partido Socialista que sexa sensato, e non pida nas materias que son competencias autonómicas que sexa a Xunta en exclusiva a que asuma os gastos, e nas que son competencia doutras AAPP que tamén sexa a Xunta a que participe no seu financiamento. Por último sinala que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana se auto adxudicou unha parte importante dos Fondos Europeos Next Generation, polo que tamén se podería empregar parte destes fondos para actuacións como as solicitadas na moción.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Manifesta en primeiro lugar a súa sorpresa por moitas das afirmacións que se fixeron polos diferentes grupos neste debate. Parte do feito de que existen graves erros conceptuais por parte dos voceiros do PP e do BNG neste debate, os cales tentará aclarar. Sinala que o AVLO non se pode equiparar ao AVANT, xa que o primeiro se rexe polo sistema de prezos dinámicos e non ten nada que ver co sistema taxado de obrigado servizo público, que rexe no segundo, para servizos deficitarios e que son subvencionados polo Estado. Sobre a cuestión de que non se queira compartir o que se fai noutras CCAA, como Castela León, o cualifica de sorprendente, mais no caso do BNG, xa que co goberno bipartito na Xunta de Galicia si houbo estas subvencións. A continuación indica que o representante do PP ten un problema ético grave, xa que as alternativas que propón son que o Estado lle quite os beneficios (non actualización de prezos) á liña A Coruña-Santiago-Vigo, ou coller os fondos Europeos para subvencionar servizos, cando todos sabemos que estes fondos están para desenvolver proxectos. Remata a súa intervención indicando que non aceptará a votación por puntos baixo ningún concepto, xa que iso suporía

eximir á Xunta de Galicia de cumprir coas súas obrigas, reiterando que os deputados e deputadas deben demostrar que son útiles á cidadanía apoiando mocións como esta, que pretenden mellorar a calidade de vida da veciñanza da nosa provincia.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): reitera a súa petición ao grupo proponente de proceder á votación por puntos.

- 2ª intervención José Miguel Caride (non adscrito): comeza manifestando que o feito de que os Estado teña as competencias exclusivas en materia de infraestruturas ferroviarias non quere dicir que a Xunta non poida axudar ou subvencionar a explotación comercial das liñas ferroviarias, pondo como exemplo a subvención que se lle outorgan a liñas aéreas para manter determinadas frecuencias de vos. Engade que como cidadán de a pé esa subvención do custo debe pedirse tanto ao Estado como á Xunta como á propia compañía explotadora.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): nesta quenda de intervención insiste en que en 2018, a iniciativa do BNG, o Parlamento galego por unanimidade instou ao Goberno Central a unha homologación das tarifas destas liñas ferroviarias de conexión con Ourense co traxecto A Coruña-Vigo, polo que non entende porque isto lle valía ao Partido socialista no ano 2018 e non lles vale agora, cando as circunstancias non mudaron, se ben entende que agora este partido queira meter en xogo á Xunta de Galicia, se ben non o comparte.

- 2ª intervención César Fernández (grupo do PP): comeza a súa intervención indicando que o voceiro do grupo socialista é o único que ten un criterio absolutamente dinámico. A cuestión é moi sinxela, a Administración que ten a competencia é a que ten que asumir a solución ao problema, neste caso o goberno do Estado. Seguidamente indica que o voceiro socialista actúa ademais con moi pouca humildade, facendo gala na súa intervención dunha actitude moi pouco humilde, cando deixa entrever unha falta de capacidade e de coñecemento doutros intervenientes neste debate, engadindo que a humildade é moi importante tanto na política como na vida, e que lle levan a pronunciar frases como “...algún ourensán haberá que entenda algo...”, preguntándolle que é o que pensa do resto. Conclúe indicando que a sociedade ourensá o que cada vez entende menos é ao voceiro do grupo socialista e ao seu partido.

- quenda de peche Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): comeza sinalando que ao Partido Popular de Ourense a sociedade da provincia si que o coñece ben, e sabe cal é o seu papel nesta sociedade. A continuación pídelles que non tente manipular as súas palabras e que se deixe de falar de humildade e fale do realmente importante, que é a utilidade. Seguidamente dirixíndose ao voceiro do grupo do BNG indícalles que o acordo do Parlamento

de Galicia do ano 2018 non exclúe para nada un novo acordo neste plenario ou a actuación que realizou o goberno bipartito da Xunta no ano 2007 consistente en bonificar liñas de tren. Pregunta porqué o BNG non apoia agora esta medida e en que contradí esta moción o acordo do Parlamento de Galicia do ano 2018. Insiste en que o único que se pide na moción e que todas as instancias acudan a solucionar este problema, e que a Administración autonómica xa o fixo no pasado en Galicia e hoxe o fai en Castela León. Remata indicando que a sociedade é consciente do papel que xoga o Partido Socialista nesta provincia, instando aos grupos políticos provinciais a que apoiem esta moción, e así expresen a súa utilidade e responsabilidade.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e do deputado non adscrito don José Miguel Caride Domínguez (1), o voto en contra do Grupo Popular (12), do grupo do BNG (1) e da deputada non adscrita dona Montserrat Lama Novoa (1), e a abstención de Democracia Ourenzana (1).

10º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

11º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de maio de 2021.

Os membros da Corporación quedan informados.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS:

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Bernardo Varela (grupo do BNG): pregunta se o espazo no que a Xunta de Galicia está construíndo un albergue no Mosterio de Oseira é de titularidade da Deputación Provincial.

O Sr. presidente dá lectura a un informe do xefe da Sección de Investimentos, Planificación e

Fondos Europeos, do que se entregará copia, e que conclúe que as obras referidas están localizadas dentro da finca denominada “Graxa do Mosteiro” que foi cedida pola Deputación á Orde Cisterciense do mosteiro de Santa María de Oseira con dominio pleno dela.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): pregunta, en relación cunha información que ten transcendido sobre a canceira de Muíños, e sobre un posible traslado de parte dos animais que alí están cara á canceira do Carballiño, o que causa bastante preocupación polas persoas encargadas dos coidados. Pregunta cantos animais se van trasladar, cales son as causas que motivan o traslado, e cales son os mecanismos de adopción que ten a Deputación de Ourense.

O Sr. presidente dá lectura a un informe do director da Rede Provincial de Canceiras, do que se entregará copia, e que conclúe que non hai data nin número pechado, pero que vista a cantidade de animais que non foron adoptados, optarase porque os que están con anterioridade a 2020 se trasladen á canceira do Carballiño se fose necesario. As causas que motivan o traslado son as de facilitar a adopción nos outros centros, nesta caso O Carballiño, grazas á actividade das asociacións protectoras de animais, que colaboran con eles. Sobre os mecanismos de adopción indica que esta se está a conseguir para a totalidade dos residentes, se ben unha pequena porcentaxe inferior ao 10 % son adopcións directas a maioría son mediante asociacións protectoras de animais que colaboran e median para conseguir as adopcións. Remata indicando que neste derradeiros días se están recibindo numerosas solicitudes de adopción, polo que seguramente non sexa preciso ningún traslado.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): indica que a súa pregunta ía sobre a previsión de adjudicación das obras da ponte medieval da Veronza en Ribadavia, pero que lle acaban de pasar os traballadores do seu grupo as propostas que van á próxima Xunta de Goberno e comprobou que xa vai incluída, cuestión que se pon en valor desde o concello de Ribadavia.

A presidencia dá lectura ao informe da xefa da Sección de Contratación onde se indica efectivamente que a proposta de concesión de subvención para as referidas obras na ponte da Veronza, se tratará na sesión da xunta de goberno de data 28.06.2021

- Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): pregunta se tendo en conta o informe de fiscalización da Deputación de Ourense do ano 2018 aprobado polo pleno Consello de Contas de Galicia na sesión de data 01.03.2021 e a recente instrución da secretaría xeral da Deputación sobre as propostas de contratación menores, e como contestación ás preguntas

formuladas e respostadas no pasado pleno do mes de maio, pregunta, a canto ascenden en cifras absolutas de importes as porcentaxes indicadas dos expedientes de contratación por procedemento aberto, negociado sen publicidade e menor, dos exercicios 2018, 2019 e 2020.

A Presidencia dá lectura ao informe da xefa da Sección de Contratación onde indica que no ano 2018 a través da plataforma de licitación electrónica provincial tramitáronse 764 expediente de contratación, 82 por procedemento aberto (11%), 5 por negociado sen publicidade (1%), e sendo o prezo total de licitación de 5.535.756,83 €, 677 por procedemento menor (88 %), e sendo o prezo total de licitación de 9.148.552,75 €. No ano 2019 a través da plataforma de licitación electrónica provincial tramitáronse 510 expediente de contratación, 102 por procedemento aberto (19%), 5 por negociado sen publicidade (2%), e sendo o prezo total de licitación de 6.380.282,62 €, 403 por procedemento menor (79 %), e sendo o prezo total de licitación de 6.568.420,55 €. No ano 2020 a través da plataforma de licitación electrónica provincial tramitáronse 470 expediente de contratación, 68 por procedemento aberto (15%), 10 por negociado sen publicidade (2%), e sendo o prezo total de licitación de 6.795.711,01 €, 392 por procedemento menor (83 %), e sendo o prezo total de licitación de 9.131.600,41 €.

- Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): realiza o rogo sobre as estradas Xinzo – Vilar de Barrio (OU-1101) e Trasmiras – Vilar de Barrio (OU-1104) que necesitan con urxencia sinalización horizontal. Pregunta sobre a planta de valorización de residuos de Morgade, cando se vai poñer en servizo.

A Presidencia toma nota do rogo e sobre a pregunta formulada indica que solicitará información e lle contestará por escrito.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): vista a resposta obtida sobre o espazo no que a Xunta de Galicia está construindo un albergue no Mosteiro de Oseira, e visto que non é responsabilidade desta Deputación, pide que desde esta Deputación se lle solicite á Xunta de Galicia copia do proxecto e información sobre as condicións en que se vai executar este.

A Presidencia toma nota do rogo formulado.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/qdGfUn35a3jI7LrCF8T7mLT6e2nyC48SrfgQdupixvIqVMQX.wmv>

SHA512 - e0f81ea6bb9ece14e68efc4eeb0fdadb4b74163969d38c25b1ef2640df28b2b3ff8d1f92523aa8cddc15e080da0fcec5881bfbc5b87198f41de6f536aad11c24

E, ás 13.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.